



IES MARÍA CASARES. Departamento de DEBUXO

MATERIA	Debuxo Técnico II
PROFESORAS	Julia Torregrosa Sañudo

2ºBACH  
2023-2024

### TEMPORALIZACIÓN

1ª EVALUACIÓN	UD 1	• A xeometría na evolución da arquitectura e a enxeñaría contemporáneas.
	UD 2	• Construcións xeométricas fundamentais.
	UD 3	• Concepto de potencia. Eixo e centro radical e aplicación na resolución de tanxencias.
	UD 4	• Xeometría plana: homoloxía e afinidade
	UD 5	• Estudo das curvas cónicas.
2ª EVALUACIÓN	UD 6	• Fundamentos do sistema diédrico.
	UD 7	• Sistema diédrico: Abatements e as súas aplicacións
	UD 8	• Sistema diédrico: Xiros e cambios de plano.
	UD 9	• Sistema diédrico: superficies radiadas, de revolución e poliedros regulares.
3ª EVALUACIÓN	UD 10	• Sistema de planos acotados.
	UD 11	• Sistema axonométrico ortogonal e oblícuo.
	UD 12	• Perspectiva cónica con 1 e 2 puntos de fuga.
	UD 13	• Normalización: seccións e cortes.
	UD 14	• CAD

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Nota de controis ou probas escritas	80 %
Nota media dos exercicios prácticos.	10 %
Actividades de ampliación voluntarias .	10 %
<b>TOTAL AVALIACIÓN</b> As cualificacións finais obteranse por redondeo da cualificación obtida do xeito indicado.	100%
<b>NOTA MEDIA XUÑO</b>	
Media aritmética das notas reais (non a das notas redondeada dos boletíns trimestrais)	

### **OBSERVACIÓNS:**

#### **Criterios de cualificación:**

A materia cualificarase por trimestre mediante:

A - Varias probas escritas, consistentes en resolución de exercicios, problemas de contido teórico-práctico, cun peso porcentual cada unha en función da cantidade de exercicios e a complexidade dos mesmos, cunha media ponderada. Suporá un 80% da cualificación total.

B - Media dos exercicios prácticos realizados tanto na plataforma virtual coma a actividade de clase que suporán o 10% da cualificación.

C - A realización (rigor gráfico, claridade e precisión nos trazados) suporá o 10% (aplícase tanto nas probas escritas como nos exercicios prácticos)

D-Actividades propostas de ampliación voluntarias para subir nota 10%.

As prácticas se corruxirán na aula, onde se solucionarán as dúbidas sobre os exercicios propostos autoavaliáveis, quedando reflexada a actividade na plataforma virtual.

En todo caso, os exercicios en papel tamén quedaran solucionados na aula virtual.

En todas as probas escritas e exercicios prácticos se valorará o rigor, claridade, precisión e limpeza da representación cun 10% da cualificación.

As cualificacións finais obteranse por redondeo da cualificación obtida do xeito indicado.

No caso de ter todas as avaliacións superadas, a cualificación final obterase mediante a media aritmética das notas reais (non a das notas redondeada dos boletíns trimestrais). Unha vez realizada a media, obterase a cualificación definitiva aplicando o redondeo.

### **Criterios de recuperación:**

#### **a) Das avaliacións.**

No caso de non ter superada a materia pola cualificación da proba escrita, farase unha nova proba escrita de recuperación.

Tamén se poderán re-entregar prácticas non realizadas ou ben con defectos dentro do prazo que se estableceza.

Mantéñense as mesmas porcentaxes de valoración indicadas nos criterios de cualificación.

#### **b) Recuperación de toda a materia nas convocatorias ordinaria e extraordinaria.**

Ao final do terceiro trimestre, no caso de non ter superada a materia, farase unha proba escrita global de toda a materia que suporá o 100% da cualificación da convocatoria ordinaria.

Dado que hai 4 bloques de contidos diferenciados, haberá que ter superados cada un deles independentemente para superar a materia, polo que se facilitará a recuperación por bloques.

De no ter superada a materia na convocatoria ordinaria, o alumnado será deberá facer unha proba escrita de tódolos bloques que suporá o 100% da nota da convocatoria extraordinaria.